


DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2024

LUÍSA VILLALTA

Tatuada na pétrea pel do mar



Guía de actividades
Educación infantil e primaria

AUTOR: COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA RAQUEL CAMACHO (A CORUÑA)



Este ano 2024 será o Ano Luísa Villalta. O 17 de maio a Real Academia Galega honrará a nosa poeta. En certa medida, honrará tamén a xeración de autores e autoras que comezan a expresarse na década dos anos 90 do pasado século e nos primeiros anos do século actual. Unha xeración nova, ilusionada, entusiasta, aberta ao mundo.

Víctor F. Freixanes

Presidente da Real Academia Galega

**XUNTA
DE GALICIA**

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Secretaría Xeral de Política Lingüística
CEIP Raquel Camacho (A Coruña)

Imprime: Xoán Carlos Portos
Santiago de Compostela, 2024
Depósito legal: C 316-2024

Imaxes

Arquivo familiar

Autoría

Patricia Abad Reino, coordinadora do EDLG
Xabier Gayoso Ponte
Susana Rodríguez Martínez
Alejandra Candal Otero
Alberto Patiño Varela
Carmen Caamaño Ameijeiras
María del Carmen López Rancaño
María José Camino Marta
María de la O Fernández Iglesias

Colaboracións

Beatriz Maceda, asesora e compañeira do colexio.
Mariel Platas, conserxe e compañeira do centro. A túa creatividade e bo facer foron decisivos.
Familias e alumnado do colexio de diferentes niveis educativos, grazas por tanta implicación e motivación.
Claustro do profesorado do CEIP Raquel Camacho, sempre cooperando e sobre todo animando e organizando o traballo do alumnado.

Agradecementos

Fundación ONCE, polo asesoramento e revisión do traballo adaptado á linguaxe braille. Grazas a ela e, en especial, a Alejandro Vaquero, este traballo pode chegar a máis xente.

Julia Cómítre, compañeira dun centro educativo da contorna, que se prestou desinteresadamente a asesorar na linguaxe de signos.

Alba Vázquez Varela, mestra en prácticas durante o primeiro trimestre, que traduciu os textos á linguaxe de signos.

Xulia Felípe Abad, pola súa grande axuda en todo o proxecto.

Persoal das bibliotecas públicas da Coruña e Estudos Locais, por manter tan boa predisposición, facilitar todo o material requerido e buscar exemplares e documentación diversa.

Grazas!

ÍNDICE

Presentación	5
Biografía	6
Biografía adaptada con pictogramas.....	8
Biografía adaptada ao código braille	9
Actividades	10
Actividades para educación infantil	11
Actividades para 1º e 2º de educación primaria.....	17
Actividades para 3º e 4º de educación primaria.....	21
Actividades para 5º e 6º de educación primaria	26
Actividades para o alumnado con NEAE	31
Actividades para toda a familia.....	32
Bibliografía e Webgrafía	33



PRESENTACIÓN

O noso traballo "Luísa Villalta, tatuada na pétrea pel do mar" está formado por dez carteis e unha guía didáctica nos que destaca a participación e entusiasmo de toda a comunidade educativa.

Dende un primeiro momento sentimos a figura de Luísa Villalta moi preto, como a nosa veciña da Coruña, un feito que, sen dúbida, contribuí a xerar ese entusiasmo.

A Coruña preséntase como un espello da súa obra. Por iso quixemos enfocar o traballo como unha andaina, un percorrido para descubrir a cidade da man da autora, ao mesmo tempo que coñecemos a súa vida e obra literaria.

Pensamos que Luísa Villalta estivo tatuada na pétrea pel do mar, sobre todo do mar do Orzán, xa que o visitaba con regularidade. Por iso deseñamos o proxecto con esta cor azul, que se repite ao longo dos traballos como unha pequena homenaxe.

Comezamos a andaina cun mapa xeral da cidade, a súa casa do barrio da Falperra e o instituto onde estudou, pola influencia que ambos tiveron no seu futuro. Coñeceremos ademais unha das súas grandes paixóns, a música. Seguidamente, continuamos o camiño lembrando o seu compromiso coa cidade da Coruña e coa súa profesión, a docencia.

Por suposto facemos paradas nas súas obras literarias como *Papagaio* e o poema "Estación", e finalizamos coa enorme relevancia de ser a sexta muller na historia homenaxeada no Día das Letras Galegas.

A versatilidade de Luísa Villalta, unha escritora que amaba todos os xéneros –poesía, narrativa (novela e relato curto), teatro, ensaio, artigos de prensa e tradución– facilita o traballo nas aulas e fai, se cabe, más atractiva a súa figura.

Este foi un proxecto de centro, no que participou toda a comunidade educativa. O equipo de dinamización da lingua galega cooperou estreitamente cos equipos de biblioteca, de tecnoloxías da información e comunicación e de actividades complementarias e extraescolares do colexio.

Cómpre salientar o labor das familias, que colaboraron de xeito activo na realización dos carteis, o persoal non docente e, por suposto, todo o alumnado e profesorado do CEIP Raquel Camacho.

Outro aspecto clave que quixemos poñer de relevancia no proxecto é o seu carácter integrador. Tentamos que fose o máis accesible posible. Por iso contamos coa linguaxe de signos incluída en cada cartel a través do código QR, a linguaxe braille nos carteis e na biografía, e tamén os pictogramas. Deste xeito poderemos chegar a máis xente.

BIOGRAFÍA

Son Luís Villalta Gómez e nacín no emblemático barrio coruñés da Falperra un 15 de xullo de 1957, no número 6 da rúa Vila de Laxe. Alí vivín coa miña nai María del Carmen, o meu pai Rafael e a miña irmá pequena Susana. E non quero esquecer as miñas mascotas: as tartarugas Manolita e Conchita.

Nesta casa pasei unha feliz infancia e madurez. Sempre foi o meu fogar. Na actualidade podes ver na fachada unha placa conmemorativa que me dedicou a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG).



Estudei no colexio das Xosefinas onde era unha "Pepa" máis que soñaba coa obra de teatro de fin de curso. Todo o mundo dicía que era unha nena moi intelixente, cunha memoria prodixiosa e cos ollos e orellas ben abertos.

Máis tarde estudei no instituto Eusebio da Guarda, naquel momento só feminino. Nel soñaba co meu futuro como violinista e docente.

De nena, comecei a tocar a guitarra, pero o meu verdadeiro amor foi o "violino", como me gustaba chamarlle, no que me titulei co Grao Superior. Tal era a miña afección que, xunto a tres amigos máis, fundei o grupo musical de folk-jazz Escaino, e nel eu tocaba este instrumento.

Cursei a carreira de Filoloxía Hispánica e Galego-Portuguesa na Universidade de Santiago de Compostela. O ambiente universitario, cultural e político favoreceron a miña faceta creativa e artística.

En 1985 entrei a formar parte da Orquestra de Santiago de Compostela e logo da Xove Orquestra de Galicia.

Muller comprometida co meu pobo, alcei a voz e a escrita naquelas iniciativas a prol dos dereitos e liberdades das persoas más desfavorecidas, da igualdade de xénero, da paz e da defensa da cultura galega. As miñas reivindicacións apareceron en diversas publicacións, como *Man Común*, *Grial*, *Luzes de Galiza*, *Festa da Palabra Silenciada*, *Enclave* e especialmente *A Nosa Terra*.

E, por suposto, abracei aquellas causas relacionadas co nacionalismo e coa nosa lingua e cultura. De feito, participei en actividades da Mesa pola Normalización Lingüística, da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e do Foro da Cultura Galega.

Por outra banda, se penso nun tempo especialmente doloroso para min e para todas as galegas e galegos, ese foi o día no que o Prestige tinguiu de negro as

nosas costas. Para protestar por esta catástrofe, cooperei co Foro Negro da Cultura.

Outra faceta á que me entreguei con dedicación plena foi a docencia. Aprobei as oposicións para profesora na especialidade de Lingua e Literatura Galega e dei clase en varios institutos da provincia da Coruña. Comigo, o meu alumnado non só aprendía lingua e literatura, senón que tamén lle transmitía o amor pola nosa lingua, pola cultura e por un mundo mellor.

En canto á miña obra literaria, foi moi versátil. Escribín poesía, ensaio, relato, pezas teatrais, narrativa e artigos xornalísticos. A experiencia musical estivo sempre presente na miña vida e na miña creación literaria. Unha mostra son os primeiros poemarios que fixen: *Música reservada* (1991) ou *Ruído* (1995) foron, sen dúbida, unha fermosa melodía de palabras. Na obra *En concreto* (2004) fáolle unha pequena homenaxe á miña cidade, A Coruña; con ela gañei o premio de poesía Espiral Maior.



Outra das miñas obras más coñecidas foi *Papagaio* (2006), unha colaboración coa fotógrafa Maribel Longueira para loitarmos contra a demolición deste barrio coruñés que estaba sendo vítima da especulación urbanística. Maribel propúxome escribir un poema para cada fotografía e, froito dessa complicidá, resultou este libro.

O teatro era unha das miñas grandes paixóns. Escribín pezas como *Concerto para un home só* (1989), *O paseo das esfinxes* (1991) ou *As certezas de Ofelia* (1999), algunha delas representada polo meu alumnado.

Elaborei algúns contos, como "A taberna do holandés", e tamén novelas, como *Teoría de xogos* (1997) ou *As chaves do tempo* (2001). No *Libro das colunas* (2005) recólleñense os artigos de prensa que fun publicando e nos que poño de manifesto a miña visión de distintos temas da sociedade na que me tocou vivir. É, sen dúbida, outra forma de coñecer o meu pensamento e carácter.

A morte chegoume dun modo inesperado o 6 de marzo de 2004. Tiña só 46 anos e unha vida chea de esperanzas e proxectos.

Os meus restos descansan no cemiterio de Santo Amaro xunto con outros escritores ilustres como Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Curros Enríquez ou Wenceslao Fernández Flórez.


BIOGRAFÍA ADAPTADA CON PICTOGRAMAS



Luisa Villalta



naceu



na




Coruña



Gustáballe




a música



e tocaba



o violín




Foi profesora



de galego



en 3




institutos




Loitou



pola xustiza



o feminismo




e a paz




Escribiu



poesía



narrativa



ensaio



e teatro



Morreu



con 46 anos



e descansa



no cemiterio de
Santo Amaro

BIOGRAFÍA ADAPTADA AO CÓDIGO BRAILLE

Luísa Villalta naceu na Coruña.

Luísa Villalta naceu na Coruña.

Gustáballe a música e tocaba o violín.

Gustáballe a música e tocaba o violín.

Foi profesora de galego en tres institutos.

Foi profesora de galego en tres institutos.

Loitou pola xustiza, o feminismo e a paz.

Loitou pola xustiza, o feminismo e a paz.

Escribiu poesía, narrativa, ensaio e teatro.

Escribiu poesía, narrativa, ensaio e teatro.

Morreu con 46 anos e descansa no cemiterio de Santo Amaro.

Morreu con 46 anos e descansa no cemiterio de Santo Amaro.

ACTIVIDADES

As actividades que propoñemos fomentan a observación e a investigación, pero sen esquecer o lado lúdico, un aspecto no que quixemos fazer moito fincapé.

Organizamos as actividades en función dos niveis educativos aos que van dirixidas:

- Actividades para educación infantil.
- Actividades para 1º e 2º de educación primaria.
- Actividades para 3º e 4º de educación primaria.
- Actividades para 5º e 6º de educación primaria.
- Actividades para o alumnado con NEAE.

Consideramos que, dada a realidade das aulas, é fundamental facilitar tarefas e recursos adaptados a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

- Actividades para familias: son recursos para toda a comunidade educativa.

Unha novidade nesta guía é que ten como obxectivo abrir o proxecto a toda a comunidade educativa. Por iso propoñemos estes recursos cos que a rapazada poida xogar e divertirse xunto coas súas familias, ao mesmo tempo que grandes e pequenos descobren a vida e obra de Luísa Villalta.


Moitas das actividades que atoparás na guía están tamén na seguinte ligazón, nunha versión para a descarga:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipraquelcamacho/system/files/u34/ANEXO%20RECURSOS%20FOTOCOPIABLES%20Luisa%20Villalta.pdf>




ACTIVIDADES PARA EDUCACIÓN INFANTIL

- Pica ou recorta as letras do nome e a fotografía que atoparás no anexo, para crear a portada do teu traballo sobre Luísa Villalta, a autora homenaxeada este ano no Día das Letras Galegas.
- No mapa do cartel 1 están debuxados varios lugares importantes da cidade onde viviu Luísa, como a Torre de Hércules, o monumento máis emblemático. Axúdalle á autora a chegar ata alí neste labirinto.



- No cartel 2 podes ver a súa casa. Observa as fiestras e contesta estas preguntas:
En que piso está a súa familia?
Como se chaman os seus pais?
E a súa irmá?
Tiña mascotas? Como se chamaban?
- Como podes ver no cartel 3, Luísa Villalta estudou no instituto Eusebio da Guarda. No seu patio xogaba e soñaba co seu futuro como profesora e escritora. Cántalles aos teus compañeiros e compañeiras a que xogas no recreo e se tes algún soño para o futuro. Pensas que os teus xogos e os teus soños son moi diferentes dos dela?
- Pregúntalles aos teus pais a que xogaban eles cando eran rapaces e cales eran os seus soños.

- Agora imos pensar que cousas podes levar a un instituto. Mira o cadro e riscá o incorrecto.




- A música foi unha das paixóns da nosa autora. O seu instrumento favorito era o violín. Coloréao.



- O compositor que máis lle gustaba á nosa autora era Johann Sebastian Bach. Coa axuda do voso docente, buscade un vídeo dun concerto de violín cunha peza deste autor e expresade as sensacións que vos provoca mentres a escoidades.

- Luísa Villalta participou en moitas manifestacións a favor da paz, da igualdade e en defensa da nosa lingua e cultura (cartel 5). Identifica as formas que teñen estas pancartas, semellantes ás que ela usou. Logo repasa con cor vermella as que defenden a lingua e a paz e con cor azul as demais.



- O Prestige é o nome dun barco que se afundiu no 2002 preto das nosas costas e que provocou o maior desastre ambiental que se recorda. Nas mobilizacións sociais en protesta por esta catástrofe xurdiu unha bandeira azul tinguida de negro coma o chapapote. Coloréaa.



- Coa axuda do teu mestre ou da túa mestra, busca na rede e investiga para descubrir o que lle pasou a ese barco. Houbo outras catástrofes ambientais semellantes?
- Luísa Villalta foi unha das primeiras profesoras de lingua e literatura galegas. O seu alumnado lémbraa con moito agarimo. Co que fuches aprendendo sobre ela, faille un retrato. Podes inspirarte na fotografía que hai en todos os carteis... e logo deixa voar a imaxinación.

- A nosa autora traballou en diversos institutos como docente. No cartel 6 pódela ver nunha das súas clases. Atopa as 6 diferenzas.



- O último centro onde Luísa deu clases foi o Isaac Díaz Pardo, que recibe o nome dun galego ilustre a quen ela coñeceu persoalmente. Foi director de Sargadelos e cultivou e impulsou varias artes: pintura, escultura, escritura e cerámica. Colorea estas figuras de Sargadelos coas técnicas que prefiras.





- No cartel 7 podes ver algunas das obras que escribiu Luísa Villalta. Busca no anexo o sudoku coas portadas de tres das súas obras e resólveo. Terás que recortar os libros de poesía e ensaio e pegalos onde corresponda.

- Como ves no cartel 8, Luísa colaborou coa fotógrafo Maribel Longueira na obra *Papagaio*, un libro moi innovador que combina poesía e fotografía. Constrúe con materiais de refugallo a túa propia cámara fotográfica e logo pensa que fotografías da túa localidade sacarías para un libro coma o de Luísa e Maribel.
- O barrio coruñés do Papagaio ten nome de ave. Coñécela? Búscala na rede e debúxaa.
- No cartel 9 podes ler uns versos que Villalta lle dedicou á estación de tren da Coruña. Vixachas algunha vez no tren? Como se chaman os condutores e condutoras deste medio de transporte?
Ordena estas letras para formar unha palabra que designa o lugar a onde sempre chegan ou de onde parten os trens.



T E C S I A Ó N



- Atopa as cinco diferenzas do cartel da estación que aparecen na tarefa do anexo.
- O cemiterio de Santo Amaro é un lugar moi coñecido na cidade da Coruña. Alí descansa Luísa Villalta. Completa o quebracabezas que atoparás no anexo.

- Luísa Villalta é a sexta muller homenaxeada no Día das Letras Galegas. Atopa a súa fotografía, rodéaa e coloréaa.



- No cartel 10 descubrirás as seis mulleres homenaxeadas no Día das Letras Galegas: Rosalía de Castro, Francisca Herrera Garrido, María Mariño, María Victoria Moreno, Xela Arias e Luísa Villalta. Recorta os cadrados coas súas figuras que atoparás no anexo e elabora o teu propio xogo de memoria.
- Pon a proba a túa memoria co seguinte Genially. Terás que lembrar de novo as seis mulleres homenaxeadas no Día das Letras Galegas.
Escanea o código QR.



ACTIVIDADES PARA 1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- Le a biografía e descubre a cidade onde naceu e viviu Luísa Villalta. Colorea a provincia á que pertence.



GALICIA

- Despois de leres a biografía e o título desta guía, completa o texto de abaixo coas seguintes palabras: pétreas, Coruña e pel.

Luísa Villalta naceu na _____, unha cidade tatuada na
----- do mar.


- Por que Luísa afirmaba que A Coruña era unha cidade tatuada na pétreas pel do mar?
- Observa o cartel número 2. A Luísa gustábanlle moito a literatura e a música. Debúxate ti no teu cuarto e conta na clase que afeccións sairían pola túa fiestra.

Agora fíxate na lupa, onde se pode ler a placa que hai na fachada da súa casa. Que significa AELG? Que pensas que fai esta asociación?


- O violín foi o instrumento favorito de Luísa Villalta (cartel 4). Sabes cantas cordas ten este instrumento? Como se chama a peza coa que se tocan as cordas?

No anexo atoparás as ilustracións coas que facer estas actividades.

- O compositor favorito de Villalta foi Bach. Escoita algunha das súas pezas. Que che fai sentir?
- Luísa Villalta amaba a nosa lingua e, por iso, ademais de escritora, foi profesora de Lingua e Literatura Galega nalgúns institutos. Pensa nunha palabra fermosa na nosa lingua e escríbea. Comparte a túa palabra en voz alta cos teus compañeiros e compañeiras. Logo facede un pequeno dicionario con todas elas.
- Observa o cartel 6 e fíxate nos nomes que aparecen no encerado. Memoríaos e trata de ordenar as letras para formar os seus apelidos.



- Luísa Villalta foi unha escritora versátil que creou poesía, novelas, ensaio e teatro. Observa o cartel 7 e une con frechas o título de cada libro seu coa imaxe da súa portada.




- Pon a proba a túa memoria cun xogo sobre as súas obras que podes atopar no anexo.

- No cartel 8 podes ler os versos que a nosa autora escribiu para as fotografías de Maribel Longueira e que aparecen na obra *Papagaio*. Intenta reproducir unha das fotos e escribir algúns versos sobre ela (tes un modelo no anexo).

Agora completa esta frase de Luísa co nome e apellido desta fotógrafoa:

Traballei coa fotógrafoa _____

- Luísa Villalta collía o tren todos os días para ir estudar Filoloxía na Universidade de Santiago de Compostela. Un dos seus poemas fai referencia ás estacións de tren. Nestes lugares sempre hai reloxos. Escribe as horas con letra:



- Agora pon a proba a túa agudeza visual e atopa as 5 diferenzas neste debuxo da estación, que podes atopar no anexo.



- Observa o cartel 10 e completa o nome e apelidos destas escritoras homenaxeadas no Día das Letras Galegas.

R_____de_____

M_____ Mariño

María V_____ Moreno

X_____ Arias


F_____ Herrera

L_____ Vill_____

Tamén podes xogar a identificar as autoras no seguinte Genially. Para iso tes que escanear o código QR:




- Como podes ver na biografía, Luísa Villalta descansa no cemiterio de Santo Amaro, xunto con outros persoeiros ilustres. Completa o percorrido do labirinto para achegarlle unha rosa.



ACTIVIDADES PARA 3º E 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- Imos acompañar a Luísa Villalta nunha andaina pola Coruña, a cidade onde viviu. Fíxate no cartel 1 e fala na clase dos lugares que recoñeces.
- Agora observa estas fotografías. Son espazos que inspiraron a nosa autora para escribir os seus poemas. Completa os ocos cos seus nomes: Torre de Hércules, praza de María Pita, Obelisco e praia do Orzán.




- No cartel 2 pódese ver a placa que hai na fachada da casa de Luísa Villalta. Lea e cóntalles aos teus compañeiros por que cres que lles dedican placas a algunas persoas?
- Completa este texto coa información que atoparás na biografía:

"Vivín na rúa _____, no barrio da ______. Alí verás a placa que me dedicou a _____."

- O Eusebio da Guarda, o centro onde estudou Luísa, foi dos primeiros institutos de Galicia e por el pasaron personaxes ilustres como Pablo Picasso, Torrente Ballester, María Wonenburger ou Novoa Santos. Elixe un destes nomes e pescuda información na rede sobre el.
- Durante a súa época de estudiante, Luísa Villalta era unha apaixonada da lectura e soñaba con transmitirlles esta afección ás xeracións futuras. Cal é o teu libro favorito en galego? Quen é o seu autor ou autora?

- No cartel 4 descubrirás a outra gran paixón de Villalta, a música, e o seu instrumento, o violín. Dos seguintes nomes, escribe soamente os que sexan de corda:
viola, trombón, violonchelo, trompeta, arpa, guitarra, violín
-
-

- "Violino" era como Luísa lle chamaba ao violín, o instrumento que tocaba. Pescuda na rede e busca como se di "violín" noutros idiomas. Comparte as túas descubertas cos compañeiros e compañeiras.
- No cartel 5 podes ler que a nosa autora foi unha figura moi comprometida coa cidade. Completa este encrucillado coas palabras:



- No ano 2002 nas costas galegas produciuse unha catástrofe ecolólica polo afundimento do barco Prestige, o que provocou que se produisen numerosas manifestacións e protestas nas rúas. Luísa Villalta participou nestas mobilizacións. Investiga a que se debeu este afundimento e que consecuencias tivo para as nosas rías.
Logo faceste unha exposición na clase con textos e imaxes dos vosos traballos, que podedes gravar e colgar no web do centro.

- Consideras que es unha persoa comprometida coa túa cidade e coa sociedade, igual que Luísa Villalta? Elabora un lema para unha pancarta no que reclames algo que mellore o lugar no que vives ou a sociedade en xeral.



- Luísa Villalta, como profesora, participou en moitas actividades culturais e literarias, entre elas unha revista escolar (cartel 6). Pon a proba a túa creatividade e deseña unha revista para a túa aula. Eixe un título e escribe dúas noticias relacionadas co teu centro.
- Como podes ler na guía e no cartel 7, Luísa amaba e tocou todos os xéneros literarios. Completa os ocos cos seus nomes: "ensaio", "teatro", "narrativa" e "poesía".

P	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
T	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
E	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
N	<input type="text"/>				

- Comproba canto sabes sobre Luísa Villalta con este Genially. Para iso tes que escanear o código QR.



- Cando derrubaron o barrio do Papagaio da Coruña, Maribel Longueira fixo fotografías dos obxectos que foi atopando nel e pediuelle a Luísa que escribise poemas sobre elas.

Algúns destes obxectos aparecen na obra *Papagaio* (cartel 8). Búscalo en esta sopa de letras.

B	C	A	Z	O	L	A	E
R	U	S	T	U	G	A	S
B	O	N	E	C	A	B	C
U	I	H	E	D	R	A	A
U	P	E	B	O	F	E	R
A	T	E	L	N	O	M	V
C	D	G	U	J	L	U	A
A	Z	U	L	E	X	O	R

Boneca
Cazola
Garfo
Escarvar
Azulexo
Hedra

- Observa as fotografías de Maribel Longueira que aparecen neste cartel e elixe unha delas. Fai coma Luísa Villalta e tenta escribir algún verso ou poema que che suxira a imaxe escollida.
- O cartel 9 está dedicado á estación de tren da Coruña, un lugar que Luísa Villalta frecuentaba acotío para ir estudar a Santiago de Compostela. Foi un espazo importante para ela e, de feito dedicoulle un poema: "Estación". Le estos versos, comenta co teu grupo-aula que poden significar e fai un debuxo sobre o que che inspiran a ti.

Onde nós nunca pasan os trens
 Só chegan ou parten
 Por iso tamén somos nós
 a nosa última estación
 o noso amor definitivo

- Por que Luísa Villalta diría isto da Coruña? Poderíase decir o mesmo da aldea, vila ou cidade na que vives?
- Algunha vez viaxaches en tren? A onde? _____
 E noutros medios de transporte? Di en cales e a onde:

- Fíxate ben no cartel 10. Nel aparecen os nomes de todas as escritoras homenaxeadas no Día das Letras Galegas. Recoñeces algunha? Escribe o seu nome e apelidos.




- Luísa Villalta morreu moi nova, con 46 anos, por culpa dunha meninxite, e descansa no cemiterio de Santo Amaro, onde se atopan moitos persoeiros ilustres do mundo da cultura. Atopa nesta sopa de letras os apelidos dalgúns deles.

M	A	L	A	T	A	R	S
U	A	W	A	O	J	L	E
R	P	I	C	A	S	S	O
G	C	U	R	R	O	S	A
U	P	E	F	N	A	A	N
I	P	O	N	D	A	L	E
A	F	U	U	A	Q	O	U
V	I	L	L	A	L	T	A

Villalta
Pondal
Picasso
Curros
Murguía
Seoane

ACTIVIDADES PARA 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

- O cartel 1 é o mapa da cidade onde naceu e viviu Luísa Villalta, e a algúns dos seus recunchos dedicoulle os seus versos. Observa e le o seguinte poema da autora. Se te fixas ben verás que ten a forma do Obelisco. Descúbrello no mapa do cartel 1.



- Estas composicións poéticas nas que as palabras crean unha figura chámase "caligramas". Luísa escribiu tamén un caligrama con forma de ollo. Serías quen de facer ti un poema con forma de ollo, beizos, man ou coa forma dun monumento do lugar onde vives?
- A casa da nosa autora estaba no barrio da Falperra. Mira o cartel 2 e descubre con quen viviu durante a súa infancia e cales eran as súas afeccións. Con estes datos, realiza unha árbore xenealóxica da nosa autora. E cando remates, podes facer a árbore da túa familia.
- O Eusebio da Guarda é o instituto onde estudou Luísa (cartel 3). Trátase dun edificio histórico que conta cunha fachada dividida en tres corpos. O

central é de pedra de cantaría e de estilo renacentista. Coñeces algúns edificios semellantes pola túa zona?

- Nun primeiro momento, este centro era só para rapazas. Por que pensas que un centro educativo separaba o alumnado por sexos? Crees que esta separación favorece ou prexudica a igualdade de xénero? Debatédeo na clase.
- As maiores paixóns de Luísa Villalta foron a literatura e a música e, por iso, adoitaba combinar ambas as artes, como podes ver no cartel 4. Escribe tres ou catro versos relacionados cunha música que che guste e tenta incorporalos nun pentagrama. Logo recítaos ou cántaos para compartilhos cos teus compañeiros. Podedes gravalos e subilos ao web do centro
- Antes de avanzarmos máis, fai unha lectura dos primeiros carteis e ordena cronoloxicamente estes feitos relacionados coas etapas da súa vida.
 - Estudou no IES Eusebio da Guarda.
 - Traballou no IES Isaac Díaz Pardo.
 - Titulouse no Grao Superior de Violín.
 - Licenciouuse en Filoloxía Hispánica e Galego-Portuguesa.
 - Estudou nas Xosefinas da Coruña.
- Ademais de activista e comprometida con Galicia, Villalta traballou moito a prol do galego. Observa o cartel 5 e completa as seguintes frases que fan referencia á súa participación en diferentes organismos:
Membro da Mesa_____
Forma parte da directiva_____
Traballou no Foro da_____
- A nosa autora tamén elaborou numerosos artigos de prensa para diferentes revistas e xornais, como *A Nosa Terra*. Fai coma ela e escribe un artigo para o xornal sobre unha noticia que che pareza interesante. Podes utilizar o modelo do anexo. Non esquezas o titular.
- Luísa Villalta foi unha firme defensora do feminismo, como podedes ver ao ler a biografía. Velaquí tedes un texto seu. Despois de lelo, escribe en tres ou catro liñas o que che suxiren as súas palabras.

Faga o que faga, algo me lembra sempre que son unha muller. Por desgracia e por fortuna, inseparabelmente e nunca neutralmente.

[...]

Pero o triunfo verdadeiro só se acada cando se mira ao ceo e se ve nel a inmensidáde do espacio que temos para voar.

"Mulleres si, pero"

- Pero cen anos antes que Luís, houbo na Coruña outra escritora que tamén loitou pola igualdade de xénero: Emilia Pardo Bazán. Aquí tes un texto dela.

Contestarei que non é certo que se borrasen: que o tipo da muller forte que hoxe adoitan pintarnos difire pouco da dos séculos XV e XVI; que en certas materias relativas á muller retrocedemos máis ben que adiantamos, e que respecto ao punto do exercicio, inda non se lle permite á muller, ou polo menos non se ve con simpatía, como moito, tolérase sen estranxeza, nas mozas, certos xogos non moi turbulentos; admítese a ximnasia e o baile, e nas clases altas a equitación e a caza por alarde aristocrático: todo iso —en España, polo menos— é bastante excepcional.

A educación do home e da muller e outros escritos feministas

Logo de lelo, comentade na aula se pensades que mudaron as cousas nos cen anos que median entre a época de Pardo Bazán e a de Luís Villalta.

Despois, entre todos, comentade en que deportes aínda hai maior presenza de homes que de mulleres, e ao revés.

- Ademais de escribir, Luís Villalta exerceu como profesora nalgúns centros da Coruña. Completa a sopa de letras coas palabras relacionadas coa docencia que tes á dereita.



E	D	O	C	E	N	T	E
D	A	L	A	T	A	R	P
U	E	W	A	O	A	L	R
C	P	N	C	A	L	S	O
A	C	U	S	R	U	S	F
C	P	E	F	I	M	A	E
I	P	O	N	D	N	L	S
O	F	U	U	A	O	O	O
N	I	E	L	A	L	T	R
R	I	L	U	E	R	R	A

Ensino
Profesora
Educación
Docente
Alumno

- Luísa Villalta cultivou todos os xéneros literarios, tamén o teatro. O seguinte fragmento pertence á súa obra *O paseo das esfinxes*. Escolle ser un dos personaxes do texto e, por parellas, tratade de representalo:

LISIS: Que, señora?
 ESFINXE D: Pon-te diante de min. Di-me unha cousa. Concedes ouvidos a outros pretendentes?
 LISIS: Non, señora!
 ESFINXE D: Logo non negas que existan outros pretendentes?
 LISIS: Non, señora.
 ESFINXE D: Di-me a verdade.
 LISIS: Si, señora.
 ESFINXE D: Entón existen?
 LISIS: (*Como confundindo-se.*) Si, non, señora.
 ESFINXE D: Menteche-me, daquela? Di-me a verdade.
 LISIS: Non!
 ESFINXE D: Mentes agora?
 LISIS: Si!

- O cartel 8 fai referencia á obra *Papagaio*, un fermoso libro con fotografías de Maribel Longueira e poemas de Luísa Villalta. Agora elixe unha das seguintes imaxes e escribe uns versos sobre ela. Logo leos en voz alta e intercambiade as lecturas. Coma Luísa e Maribel, creade un libro coas fotos e os poemas de toda a clase.



- A obra *Papagaio* xorde como resposta á especulación urbanística que provocou a derruba deste barrio da cidade. Sabes en que se converteu este barrio despois da demolición? E por que pensas que se fixo isto? Pregúntalle ao docente ou investiga na rede.
- Un dos poemas más coñecidos de Villalta é o titulado "Estación". Podes ver un fragmento no cartel 9. Nel dise "Onda nós nunca pasan os trens... Por iso tamén somos nós a nosa última estación". Que cres que quixo dicirnos Luísa con estas palabras?
- Velaquí tes un fermoso poema de Luísa. Practica a lelo varias veces e cando esteas preparado grávate recitándoo. Logo podes subilo ao web do centro.

<p style="margin: 0;">Ao sol</p> <p style="margin: 0;">que carexa compracido</p> <p style="margin: 0;">este banco de xardín</p> <p style="margin: 0;">volve o sosego</p> <p style="margin: 0;">que é case sono</p> <p style="margin: 0;">unha vontade de dormir desperto.</p>	<p style="margin: 0;">Viver</p> <p style="margin: 0;">é ocuparse. Dormir en cambio</p> <p style="margin: 0;">é deixar que o mundo faga</p> <p style="margin: 0;">e amalo con certeza,</p> <p style="margin: 0;">coa xusteza real do pensamento.</p>
---	---

- Como podes comprobar na guía e no cartel 10, Luísa Villalta é a sexta muller homenaxeada no Día das Letras Galegas en 60 anos de historia. Pensas que son poucas mulleres en seis décadas? Cal é a túa proposta feminina para o 2025?
- As persoas homenaxeadas no día grande das nosas letras teñen que cumplir uns requisitos. Cales son? Busca esta información na páxina da Real Academia Galega: <https://academia.gal/letras-galegas/historia>.
- No cartel 10 tamén están os nomes dalgunhas persoas ás que se lles dedicou este día. Escolle un deles e busca na biblioteca do teu centro algunha obra desa persoa. Reproduce a portada e logo escribe un fragmento no teu caderno. Comparte a lectura co resto da clase.
- Buscade información na biografía de Luísa Villalta e, en pequenos grupos, elaborade unha exposición con texto e ilustracións sobre a súa vida e obra. Logo gravádea para publicar na web do centro.
- Despois de mirar e ler os carteis sobre Luísa Villalta, estarás preparado para xogar con este Genially. Para iso, escanea o seguinte código QR.





ACTIVIDADES PARA ALUMNADO CON NEAE

- Colorea o retrato de Luísa Villalta.
- Colorea este mandala da Torre de Hércules da Coruña mentres escoitas música clásica de violín.
- Completa a serie coas cores da bandeira en contra da catástrofe do Prestige: azul e negra.
- Escoita con atención cancións con música de violín. Gústanche?
- Decora ao teu gusto estes debuxos e crea con eles unha portada para os traballos que fagas para o Día das Letras Galegas.
- Coa axuda do docente pescuda e canta cancións en galego.



LUÍSA
VILLALTA



ACTIVIDADES PARA TODA A FAMILIA

As seguintes actividades pódense realizar na casa en compañía das familias. Válidas de 1-99 anos.

- Decora e recorta o seguinte marcapáxinas para conmemorar o Día das Letras Galegas. Atoparalo tamén no anexo.



- Fai unha andaina coa túa familia polos lugares da Coruña que aparecen nos carteis, por exemplo: a Torre de Hércules, a estación de tren, a praza de María Pita e o Obelisco.
- Pinta o seguinte mandala mentres escoitas música de violín. Lembra comenzar sempre dende o centro do debuxo e continúa cara aos extremos coas mesmas cores. É unha actividade de relaxación. Coloréao amodo.



- Visualizade xuntos o documental *Luísa Villalta, paixón e compromiso*, no que participan amigos, escritores, alumnado e compañeiros de Luísa: https://www.youtube.com/watch?v=1YKzhUo2PDE&ab_channel=suarezpi calloaudiovisuais

BIBLIOGRAFÍA

- Canosa, M. (2023). *Luísa Villalta, melodía de palabras*. Xerais.
- Longueira, M., e Villalta, L. (2006). *Papagaio*. Laiowento.
- Maceda, B., e Ríos, E. (2023). *Alma de violino*. Xerais.
- Polo correo do vento (2023). *Tinta do mar*. Lela Edicións.
- VV. AA. (2003). *Dicionario enciclopédico galego universal*.
- VV. AA. (2006). *Diciopedia do século XXI*. Do Cumio.
- VV. AA. (2010). *Dicionario biográfico de Galicia*. Ir Indo Edicións.
- VV. AA. (2020). *Luisa Villalta, muller de música e poesía*. Cadernos de Estudos Locais nº 32. Ed. Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo.
- VV. AA. (2021). *Cidade das mulleres: Veciñas ilustres da Coruña*. Vol. 1. Colección Noroeste. Asociación da Prensa da Coruña.
- Villalta, L. (1991). *Música reservada*. Ediciós do Castro.
- (1992). *O Don Hamlet de Cunqueiro: Unha ecuación teatral*. Laiowento.
- (1995). *Ruído*. Espiral Maior.
- (1997). *Teoría de xogos*. Laiowento.
- (2004). *En concreto*. Espiral Maior.
- (2005). *Libro das colunas*. Prensa & Criación. A Nosa Terra.
- (2018). *Sinfonía de escenas. Obra dramática completa*. Edicións Proscritas.

Recortes de prensa de préstamo en sala da Biblioteca de Estudos Locais. A Coruña.

WEBGRAFÍA

Ligazón a recursos para fotocopiar desta guía:

https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipraquelcamacho/system/files/u34/ANE_XO%201%20RECURSOS%20FOTOCOPIABLES%20Luisa%20Villalta.pdf.

<https://wwwaelg.gal/centro-documentacion/autores-as/luisa-villalta>

<https://academia.gal/lettras-galegas/2024/luisa-villalta>

<https://acorunhadasmulleres.gal/luisa-villalta/>

<https://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=219>

https://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=Lu%EDVilla

https://gl.wikipedia.org/wiki/Lu%C3%ADsa_Villalta

<https://www.acalexandreboveda.gal/tag/luisa-villalta/>

<https://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=4163>

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/13-anos-luisa-villalta/>

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/13-anos-luisa-villalta/20171113123903063289.html>

<https://praza.gal/cultura/comeza-o-ano-luisa-villalta-poesia-e-musica-unidas-nunha-autora-única-e-inconformista>

<https://acorunhaliteraria.gal/roteiro-luisa-villalta/>

Documental *Luísa Villalta paixón e compromiso*:

<https://www.youtube.com/watch?v=1YKzhUo2PDE>

Música e poesía en Luísa Villalta, audiovisual realizado por Illa Bufarda:

<https://www.youtube.com/watch?v=3doqLFDfL74>



Yuisa Villalta

